

Colegio Oficial de
Psicología de Galicia

MEMORIA 2014

2014

Psicología



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2014

EDITORIAL

POLA PSICOLOXÍA

Pola psicoloxía: neste ano, o noso lema quixo reivindicar con toda a intensidade posible a nosa amada profesión. O momento histórico non é sinxelo, marcado por unha crise económica e social que dura demasiado e que deixa unhas consecuencias ao seu paso evidentes; un contexto no que o exercicio da psicoloxía non é unha excepción. Aínda así, compracémonos ao comprobar que o Colexio goza de boa saúde e incrementa a súa presenza pública, con máis forza e visibilidade. Unha capacidade que emana do corpo de colexiados e colexiadas que nos sustentan, do valioso traballo colectivo e desinteresado que realizan profesionais a través das seccións, comisións e grupos de traballo do noso prezado Colexio e que nos fan sentir un grande orgullo.

Temos a firme convicción de que o COPG debe ser unha institución aberta, democrática e participativa, da que formamos parte desde o primeiro ata o máis recente colexiado ou colexiada, e eses son os cimentos sobre os que imos construíndo o día a día. O devir da nosa institución profesional ten que seguir orientado polas achegas de todos os e as profesionais, que dotan sentido á súa existencia e ao seu fortalecemento.

A través das nosas actuacións buscamos dar resposta a todas as necesidades sociais que van xurdindo, polo compromiso que temos coa nosa profesión e pola súa inevitable incidencia social, sen perder de vista a natureza da psicoloxía: promover o benestar das persoas. Desde a estrutura do propio Colexio, comprobamos o vigoroso dinamismo das seccións profesionais de Psicoloxía e Saúde, Educativa, Intervención Social, Traballo e das Organizacións, e Xurídica. No noso obxectivo de contribuír ao desenvolvemento científico e aplicado da psicoloxía, buscamos potenciar tamén as Comisións Intersec-

toriais de Mediación e Xénero e de Deporte, ademais dos Grupos de Trabajo GIPCE e Tráfico e Seguridade. A actividade destes corpos do Colexio foi abundante e intensa, realizando as assembleas anuais, as xuntanzas ordinarias de coordinación aproximadamente cada mes, promovendo xornadas, seminarios, conferencias e cursos de formación nas que participaron un número moi importante de colexiados e colexiadas. Para mostra, un total de 267 persoas asistiron aos cursos de formación ao longo de 2014.

Malia os novos desafíos, as aspiracións que temos desde hai anos seguen tendo un lugar prioritario no noso Colexio, como a formación, a loita contra o intrusismo ou o cumprimento do Código Deontolóxico, eidos aos que vimos dedicando grandes esforzos.

Este 2014 foi un ano de especial crecemento, no que demos a benvida a 447 colexiados e colexiadas. Tamén queremos sinalar o esforzo realizado para resolver as numerosas demandas de acreditación para o exercicio de actividades sanitarias, para o que ampliamos o horario de asesoría xurídica e intentamos ofrecer toda a información e facilidades posibles.

Contas co COPG para asesorarte, para formarte e sobre todo, para participar na súa historia e nas cuestións que poidan ir xurdindo: con cada avance que realizamos, damos un novo paso pola psicoloxía.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación	8
2. Órganos de xestión	9
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	9
Xunta de Goberno	10
3. Comisión de Ética e Deontoloxía	12
4. Valedor das Colexiadas e Colexiados	15
5. Seccións	16
Sección de Psicoloxía e Saúde	16
Sección de Psicoloxía Educativa	20
Sección de Psicoloxía Xurídica	22
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	24
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	27
6. Comisións	29
Comisión Intersectorial de Mediación	29
Comisión Intersectorial de Xénero	31
Comisión de Psicoloxía do Deporte	32
Comisión de Cultura	33
Comisión de Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias	34
Comisión de Acreditación de Psicóloga/Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica	35
7. Grupos de Traballo	36
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	36
Grupo de Trafico e Seguridade	44
Grupo de Traballo de Atención Temperá	46

8. Convenios de colaboración	47
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres	47
Vítimas de Violencia de Xénero	49
Programa «Abramos o Círculo»	49
Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	50
Mediación Intraxudicial	50
«Xornadas de Concienciación» de Seguridade Víaria	52
PSICOVIAL	52
Prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza	53
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	
da Xunta de Galicia (ISSGA)	53
Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)	54
Universidade de Santiago de Compostela	54
Universidade de Vigo	55
Fundación Meniños	55
Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)	55
9. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense	56
10. Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís	57
11. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía	57
12. Eventos colexiais	58
13. Representación colexial nos Consellos da Administración	59
14. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia	60
15. Relacións e colaboracións Institucionais	63
16. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de Colegios Oficiais de Psicólogos	68
17. Publicacións	72
18. Medios de comunicación	74
19. Servizos colexiais	81
20. Balances económicos	85

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31 / 12 / 2014

<u>Altas</u>	<u>447</u>
Última promoción	168
Outras promocións	257
Reincorporacións	8
Traslados	13
Xubilación	1

<u>Baixas</u>	<u>140</u>
Voluntarias	90
Por falta de pagamento de cotas	22
Traslados	24
Defunción	2
Xubilación	2

<u>Colexiados e colexiadas inscritos nas seccións profesionais do COPG</u>	
Sección de Psicoloxía e Saúde	209
Sección de Psicoloxía Educativa	52
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	67
Sección de Psicoloxía Xurídica	107
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	54

Total de colexiados e colexiadas
a 31-12-2014 **2.847**

ÓRGANOS 2. DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 27 de marzo. Sesión Ordinaria.
- 27 de maio. Sesión Extraordinaria.
- 2 de decembro. Sesión Ordinaria.



Asemblea Xeral extraordinaria de colexiadas e colexiados do 27 de maio



Asemblea Xeral extraordinaria de colexiadas e colexiados do 27 de maio



Asemblea Xeral extraordinaria de colexiadas e colexiados do 2 de decembro

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

REUNIÓNS

- Ata esta data celebráronse un total de tres Xuntas de Goberno ordinarias para a dirección e xestión da actividade colexial.



Xunta de Goberno ata o 27 de maio

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

Ata o 27 de maio

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana

Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación
Responsable da Páxina Web

Concepción Fernández Fernández

Secretaria

M^a Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca

Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos

José Luís Domínguez Rey

Vocal / Responsable da *Circular Informativa* / Correspondente de *Infocop*

Antonio González Fernández

Vocal / Coordinador da Xunta de Goberno
coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Ana Isabel Martínez Arranz

Vocal / Coordinadora do Grupo de Intervención
Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

Eva Muíño Gómez

Vocal / Coordinadora Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco

Vocal / Responsable de *Cadernos de Psicoloxía*

Marta Rivas Rodríguez

Vocal / Vogalía do Social

Concepción Rodríguez Pérez

Vocal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero
Vogalía de Cultura

Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vocal / Vogalía de Formación

A Xunta de Goberno do COPG, con data 31 de xaneiro de 2014, acordou convocar eleccións. O proceso culminou coa proclamación definitiva de resultados o 15 de maio, efectuada pola Comisión Electoral, cumpridos os prazos estipulados para a presentación de reclamacións, en cumprimento co disposto no artigo 42 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Decreto 114/2008).

O 20 de maio fixose o traspaso de competencias da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na que se presentaron pola Xunta de Goberno saínte os informes da memoria de actividades e a situación económica e patrimonial do Colexio e fixose entrega á nova Xunta de Goberno da documentación legal do COPG.

O día 27 de maio tivo lugar a toma de posesión da Xunta de Goberno entrante cos cargos que á continuación se detallan:



Traspaso de competencias da Xunta de Goberno



Toma de posesión da Xunta de Goberno

Mª Rosa Álvarez Prada (G-1173)

Decana

Hipólito Puente Carracedo (G-0313)

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación
Responsable da páxina web

Concepción Fernández Fernández (G-3497)

Secretaria

Mª Concepción Prado Álvarez (G-0793)

Vicesecretaria / Responsable de emprego e do fondo bibliográfico e psicométrico

Miguel Ángel Chouza Ponte (G-0066)

Tesoureiro / Responsable de servizos colexiais e formación

José Luis Domínguez Rey (G-0136)

Vogal / Responsable da *Circular Informativa* do COPG
Correspondente de *Infocop* e coordinador da Sección de PTO

Ana Isabel Martínez Arranz (G-2573)

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

Olegaria Mosqueda Bueno (G-1024)

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa

Eva Muíño Gómez (G-1281)

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco (G-1285)

Vogal / Responsable de *Cadernos de Psicoloxía* / Coordinador coas Seccións de Intervención Social e Xurídica

Marta Rivas Rodríguez (G-3609)

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Mª Concepción Rodríguez Pérez (G-3064)

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero
Responsable de dinámica sociocultural

Víctor Manuel Torrado Oubiña (G-1625)

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde

3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

REUNIÓNS

Celebráronse reunións ordinarias nas seguintes datas:

- 10 de febreiro
- 7 de abril
- 16 de xuño
- 28 de xullo
- 22 de setembro
- 24 de novembro

A Comisión de Ética e Deontoloxía está formada por un presidente, unha secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Ata o 27 de maio

Francisco Blanco Romero
Presidente

Concepción González Poza
Secretaria

M^a Jesús Calvo Camba
Carmen González País
M^a José López Torrón
Vogais

Antonio González Fernández
Coordinación coa Xunta de Goberno

Do 27 de maio ao 2 de decembro

Francisco Blanco Romero
Presidente

Concepción González Poza
Secretaria

M^a Teresa Hermida Pérez
Carmen González País
M^a José López Torrón
Vogais

Marta Rivas Rodríguez
Coordinación coa Xunta de Goberno

A partir do 2 de decembro

Francisco Blanco Romero
Presidente

María José López Torrón
Secretaria

M^a Teresa Hermida Pérez
Carmen González País
Irene Martínez Montero
Vogais

Marta Rivas Rodríguez
Coordinación coa Xunta de Goberno



Comisión de Ética e Deontoloxía
ata o 27 de maio



Comisión de Ética e Deontoloxía
a partir do 2 de decembro

ACTIVIDADES

a) Queixas:

Quedaban 6 expedientes pendentes de 2013, que se resolvieron da seguinte forma:

- 2 expedientes son admitidos a trámite e foron resoltos.
- 4 expedientes non foron admitidos.

Abríronse 14 expedientes durante 2014 e a súa situación é a que segue:

- 1 expediente é admitido a trámite e resolto.
- 9 expedientes non se admiten a trámite.
- 4 expedientes pendentes de valoración.

Resumo do total de expedientes

Expedientes pendentes (2013)	6
Expedientes novos (2014)	14
Total	20

Estado dos expedientes

Expedientes resoltos	16
Expedientes pendentes de decisión a trámite	4
Expedientes pendentes de proposta	0

Tramitación de expedientes

Expedientes admitidos a trámite	3 (15%)
Expedientes non admitidos a trámite	13 (65%)
Expedientes pendentes de decisión a trámite	4 (20%)

Sancións propostas

Expedientes con proposta de sanción	2
Expedientes sen proposta de sanción	1

Artigos sancionados

Art. 15	en 2 expedientes
Art. 18	en 1 expediente
Art. 48	en 2 expedientes

b) Servizo de consultas:

Existe na páxina web do COPG un servizo de consultas ao que poden dixirse os colexiados e colexiadas para propoñer dúbidas sobre cuestiós de ética e deontoloxía no exercicio da profesión. Preténdese ofrecer unha orientación que sirva para previr posteriores queixas por parte de usuarias e usuarios, ofrecendo unha valoración e fundamentación ética das diferentes alternativas posibles. Esta resposta non é vinculante para as colexiadas e colexiados que consultan, senón que se trata dunha opinión razoada na que fundamentar as súas propias decisións. Durante este ano respondéronse un total de 27 consultas.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constituíse o 3 de febreiro como Comisión Electoral no proceso electoral á Xunta de Goberno do COPG, conformada polo seguintes membros:

Francisco Blanco Romero

Presidente

Concepción González Poza

Secretaria

Carmen González País

Vocal

d) Colaboración na *Circular Informativa* do COPG:

Os temas tratados pola Comisión de Ética e Deontoloxía na *Circular Informativa* foron:

- Dilemas éticos no traballo con menores.
- Imparcialidade.
- Contrainformes.
- Pendente unha cuarta colaboración sobre «Uso dos tests psicolóxicos».

e) Formación:

Impartición da asignatura «Ética e Deontoloxía» en 4º curso do Grao da Facultade de Psicoloxía da USC no marco dun convenio asinado polo colexio coa Facultade de Psicoloxía. Ademais dos membros da Comisión, participaron José Luís Rodríguez Arias, ex presidente da CED, e Cecilia Barros, asesora xurídica do COPG.

f) Outras actividades:

Opinión sobre o documento «Comunicación aos proxenitores e proxenitoras cando incluímos os e as menores no programa», elaborado polo Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero.

g) Peticións elevadas á Xunta de Goberno:

- Incorporación á páxina web do Colexio das colaboracións da CED coa *Circular Informativa* para acceso libre e público.
- Realización de xestións para a identificación da profesional denunciada nos expedientes nº 06, 09 e 10/2014.
- Investigación e, no seu caso, denuncia ante a fiscalía dos feitos comunicados na queixa anónima recollida no expediente nº 12/2014 pola comisión de supostos ilícitos penais e posible intrusismo.

4. VALEDOR DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS

A figura do Valedor das Colexiadas e dos Colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como un defensor dos dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das Colexiadas e Colexiados:

Elixio A. Domarco Álvarez

Ao longo do presente ano foi reclamada a actuación do Valedor nunha ocasión das que prescribe o Regulamento que ordena as competencias desta instancia.



Valedor das colexiadas e colexiados

5. SECCIONES

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de cinco seccións profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 15 de xaneiro
- 12 de marzo
- 17 de xuño
- 10 de setembro
- 15 de outubro
- 12 de novembro
- 14 de novembro
(Asemblea de socios e socias)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

- Francisco Xavier Sardiña Agra**
Presidente
- Delia Gutián Rodríguez**
Vicepresidenta
- José Eduardo Rodríguez Otero**
Secretario
- Luis Carlos Álvarez García**
Tesoureiro
- Alicia Carballal Fernández**
Rosa Cerqueiro Landín
Ignacio Dopico González
Mercedes Fernández Cabana
Dolores Mosquera Barral
Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde



Curso *O debuxo como recurso terapéutico en saúde mental infantil*



Curso *Avaliación neuropsicológica da memoria a través das escalas Wechsler*



Curso *Formación en psicoloxía sanitaria 2014. Grupo de prácticas*



Curso *Formación en psicoloxía sanitaria 2014*



Curso *Iniciación á hipnose*

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso *O debuxo como recurso terapéutico en saúde mental infantil*
Datas: 21 e 22 de febreiro.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docente: **Francisco Díaz Sánchez**, psicólogo clínico na Unidade de Saúde Mental Infanto-xovenil, dependente de ASPANEPS.
- Curso *Avaliación neuropsicológica da memoria a través das escalas Wechsler*
Datas: 28 de febreiro e 1 de marzo.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docentes: **Jorge Bajo Lema**, psicólogo clínico no eido privado da Coruña. **Vanessa Vilas Riotorto**, psicóloga clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.
- Curso *Formación en psicoloxía sanitaria 2014. Grupo de prácticas*
Datas: Do 15 de marzo ao 17 de maio.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docentes: **José Eduardo Rodríguez Otero**, psicólogo clínico no eido privado en Pontevedra e Tui. **Daniel Latorre Rodríguez**, psicólogo clínico en Ourense.
- Curso *Formación en psicoloxía sanitaria 2014*
Datas: De marzo a xullo.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docentes: **José Eduardo Rodríguez Otero**, psicólogo clínico no eido privado en Pontevedra e Tui. **Daniel Latorre Rodríguez**, psicólogo clínico en Ourense. **Raquel Espantoso San José**, psicóloga clínica en Pontevedra. **Mercedes Fernández Cabana**, psicóloga clínica e experta en Programas de Intervención Familiar. **Ignacio Dopico González**, psicólogo clínico. **Marta Bouzas Lameiro**, psicóloga clínica no eido privado.
- Curso práctico *Iniciación á hipnose*
Datas: 4 e 5 de abril.
Lugar: Colexio San José de A Guía, Vigo.
Docente: **Estevo Creus Andrade**, psicólogo no ámbito privado en Santiago de Compostela.

■ **Curso *A primeira entrevista en psicoloxía clínica***

Datas: 6 e 7 de xuño.

Lugar: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Docente: **Yolanda Castro Casanova**, psicóloga clínica do Complexo

Hospitalario Universitario de Ourense.



Curso *A primeira entrevista en psicoloxía clínica*

■ **Curso *Apego e psicoterapia***

Datas: 3 e 4 de outubro.

Lugar: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Docente: **Elena Rodríguez Borrajo**, psicóloga no eido privado na

Coruña.



Curso *Apego e psicoterapia*

■ **Curso *Avaluación e rehabilitación da atención e as funcións executivas: casos prácticos***

Datas: 17 e 18 de outubro.

Lugar: Hospital Marítimo de Oza.

Docente: **María Dolores Vinagre Torres e María Jesús Gómez Vecino**,

psicólogas clínicas no eido privado na Coruña.

b) Xornadas da Sección:

■ **XIX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde Xénero e identidade: olladas desde a clínica**

Datas: 14 e 15 de novembro.

Lugar: Pazo da Cultura (Pontevedra).



XIX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde

Comité Organizador:

Raquel E. San José

Presidenta

José Eduardo Rodríguez Otero

Karina Bacelar Pereira

Vogais

Comité Científico:

María Estrella González Gómez

Presidenta

Jacinto Casas Araújo

María Isabel Lorenzo García

Vogais

c) Anuario de Psicoloxía Clínica:

Consello de Redacción composto por:

Marta González Rodríguez (directora), **Delia Gutián Rodríguez**,
Adalberto Iglesias Doval, **Laura López López**, **Noelia Pita Fernández**,
Tamara Rego Ribeiro, **Xacobe Fernández García**

■ **Anuario de Psicoloxía Clínica número 7: *O medo*.**

Edición en formato dixital, presentado nas XIX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde.



Anuario Psicoloxía Clínica nº 7

d) Grupos de Traballo:**■ Grupo de traballo dos titores e titores dos especialistas en formación en Psicoloxía Clínica (PIR):**

Neste ano houbo unha reunión presencial coincidindo coas Xornadas da Sección en Pontevedra, sendo o resto de traballo feito por vía telemática. Os principais temas traballados este ano son: a utilización do libro do residente, as prácticas do Máster en Psicoloxía Sanitaria e a avaliación das mesmas, a implementación da atención continuada en todas as áreas sanitarias e a presencia do PIR e o/a psicólogo/a clínico/a en atención primaria.

As persoas integrantes deste grupo son:

Carlos Álvarez García (Santiago – coordinador), Manuel Castro Bouzas (Ferrol), Miguel Anxo García Álvarez (Santiago), Mercedes Castro Bal (Lugo), Gonzalo Martínez Sande (A Coruña), José Javier González Hermida (Ourense), Yolanda Castro Casanova (Ourense), María Estrella González Gómez (Pontevedra), Rafael Fernández Martínez (Vigo).

■ Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía:

Neste ano, o principal tema traballado neste grupo xirou en torno á potenciación de contidos informativos vinculados á neuropsicoloxía e organizados desde a Sección de Psicoloxía e Saúde. Froito deste traballo fixéronse dous cursos (Avaliación neuropsicolólica da memoria a través das escalas de Wechsler e Avaliación e rehabilitación da atención e das funcións executivas: casos clínicos).

As persoas integrantes deste grupo son:

María Parada Iglesias (coordinadora), Vanessa Vilas Riotorto, Rocío García Calvo, José Javier González Hermida, Jorge Bajo Lema, Xavier Sardiña Agra.

e) Participación nas Comisións Intersectoriais de Mediación e de Xénero.

f) Participación no Grupo de Traballo de Atención Temperá.

g) Participación na Comisión de avaliação de expedientes para a acreditación para o exercicio de actividades sanitarias do COPG.

h) Participación na Comisión de avaliação de expedientes para a acreditación de psicólogo ou psicóloga experta en neuropsicoloxía clínica.

i) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

j) Asistencia ás reunións da Mesa Galega da Psicoloxía Clínica.

5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 23 de xaneiro
 - 20 de febreiro
 - 21 de marzo
 - 15 de maio
 - 12 de xuño
 - 25 de setembro
 - 7 de novembro
 - 11 de decembro
- (Asemblea de socios e socias)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

- Manuela del Palacio García**
Presidenta
- Ana M^a Ulloa Lage**
Vicepresidenta
- M^a Asunción Teijeira Bautista**
Secretaria
- Purificación Alberte Iglesias**
- Nuria Lago Fernández**
- Concepción López Martín**
- M^a Carmen Lorenzo Vila**
Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:



Xunta Directiva da Sección
de Psicoloxía Educativa



Obraidoiro *Programa de convivencia para a prevención da violencia escolar e o bulling. Programa Titoría Entre Iguais (TEI)*



Xornada Atención temperá en Galicia.
Situación actual



Obradoiro Intervención en situaciones críticas
no contexto educativo

■ Xornada Atención temperá en Galicia. Situación actual

Data: 12 de xuño

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relator: **José Carlos Cardama Barrientos**, psicólogo no eido privado e experto en atención temperá, premio Reina Sofía de Integración e Rehabilitación 2014.

■ Obradoiro Intervención en situaciones críticas no contexto educativo

Data: 7 de novembro

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatoras: **Leonor Galiana Caballero e Julita M^a Touriño Araújo**, psicólogas do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

b) Participación nas **comisións intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.

c) Elaboración e difusión do tríptico sobre o papel do/a psicólogo/a educativo/a.

d) Participación na preparación da División da Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología.

e) Participación no Grupo de Traballo de Atención Temperá.

f) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

5.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 25 de xuño
- 17 de setembro
- 13 de decembro
(Asemblea de socios e socias)



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Dolores Seijo Martínez

Presidenta

Mª Alba Sousa Martínez

Vicepresidenta

Ánxela Álvarez Naya

Secretaria (ata o 15 de decembro de 2014)

María Penado Abelleira

Secretaria accidental (a partir do 15 de decembro de 2014)

Manuel Vilariño Vázquez

Tesoureiro

María Concepción Abad Alastrauey

Milagros Martínez García

Antonio Saco Labandeira

Mª José Jiménez Rey

Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:

- II Obradoiro *Elaboración de informes periciais e de asistencia á vista*
Data: 8 de marzo.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docente: Carmen González Pais, psicóloga. Máster en Psicoloxía Xurídica e Forense.

- Obradoiro *Intervención con mozos e mozas delincuentes*

Datas: 3 de maio e 7 de xuño.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docente: Juan Luis Basanta Dopico, psicólogo do Xulgado e Fiscalía de Menores de Ourense. Ricardo Fandiño Pascual, psicólogo clínico no eido privado en Ourense.



II Obradoiro *Elaboración de informes periciais e de asistencia á vista*



Obradoiro *Intervención con mozos e mozas delincuentes*



Xornadas *Avaliación forense da garda e custodia. Análise psicolóxica da idoneidade parental, da custodia compartida e das interferencias parentais*



Xornadas *Avaliación e defensa da base psicopatolóxica da imputabilidade*

a) Xornadas *Avaliación forense da garda e custodia. Análise psicolóxica da idoneidade parental, da custodia compartida e das interferencias parentais*
Curso de formación interna para socias e socios da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

Data: 20 de setembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **María José Catalán Frías**, psicóloga da Audiencia Provincial de Murcia, decana do Colegio Oficial de Psicólogos de la Región de Murcia e vogal na Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología.

b) Xornadas *Avaliación e defensa da base psicopatolóxica da imputabilidade*

Data: 13 de decembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **Enrique Esbec Rodríguez**, licenciado e Doutor en Psicoloxía e médico especialista en medicina legal-forense. Xulgados de Instrucción de Madrid.

b) VII Congreso Internacional de Psicoloxía Xurídica e Forense

A Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG foi invitada pola Sociedade Española de Psicología Jurídica y Forense (SEPJF) a participar na organización do VIII Congreso Internacional de Psicoloxía Xurídica e Forense, celebrado en Santiago de Compostela do 23 ao 25 de outubro de 2014, na sede da EGAP. Así, a Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica participou como organizador local deste Congreso, que se celebra cada ano e medio e que vai itinerando a sede ao longo do territorio nacional. Este congreso, que se describe como o más importante a nivel nacional do ámbito xurídico-forense, vénse celebrado desde o ano 2004 en cidades como Valencia, Oviedo, Murcia, Granada, Palma de Mallorca, Madrid e Santiago.

Así mesmo, o COPG colaborou neste congreso a través da mesa de expertos *O bo trato aos menores, unha responsabilidade multidisciplinar* na que participaron **Dna. Elda Moreno** (directora da Oficina de la Representante Especial del Secretario General de Naciones Unidas sobre Violencia contra Niñas y Niños), **D. Manuel Corredoira** (director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Xunta de Galicia), **D. Juan Carlos Aladro** (fiscal xefe de Pontevedra), **D. Tomás Aller** (coordinador xeral de FAPMI (Federación de Asociaciones para la Prevención del Maltrato Infantil), **Dna. Diana Rodríguez** (presidenta de AMINO.gal, Asociación Abuso y Maltrato Infantil NO. Galicia) e que foi coordinada polo **Excmo. Sr. D. José Julio Fernández Rodríguez**, Valedor do Pobo en Galicia.

O congreso tivo un alto éxito, contando coa participación de 450 inscritos e comunicáns.

c) Participación nas comisión intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.

d) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓN

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 15 de maio
- 23 de setembro
- 25 de novembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

José Luis Domínguez Rey

Coordinador

José Manuel Campal Fernández

Mónica Couso Fuentes

Concepción López Martín

Eva Muíño Gómez

Carlos Montes Piñeiro

Mª Concepción Prado Álvarez

Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso: *Prevención de riscos psicosociais. Aplicación do Sistema de Análise Triangular do Acoso (SATA 3.0)*
Organiza: Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). Colabora o COPG.
Data: 14 de marzo.
Lugar: Centro ISSGA (Xunta de Galicia), A Coruña.
Docentes: Rosa Jiménez Romero e Manuel Sebastián Cárdenas.
Grupo de Ergonomía, Prevención e Saúde Laboral do COP Andalucía Occidental.
Coordinador: Carlos Montes Piñeiro, Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de PTO do COPG.
- Curso: *Prevención de riscos psicosociais. Identificación e avaliación*
Organiza: Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). Colabora o COPG.
Data: 7 e 8 de outubro.
Lugar: Centro ISSGA (Xunta de Galicia), Lugo.
Docentes: Rosa Jiménez Romero e Manuel Sebastián Cárdenas.
Grupo de Ergonomía, Prevención e Saúde Laboral do COP Andalucía Occidental.
Coordinador: Carlos Montes Piñeiro, Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de PTO do COPG.



Sesión técnica: *O erro humano nas organizacións*



Sesión presencial do curso: *Selección de persoal. Convocatoria de corpos de seguridad*



Sesión técnica: *A norma UNE-ISO 10667: unha oportunidade...*

■ Sesión técnica: *O erro humano nas organizacións*

Data: 18 de outubro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docentes: **Araceli Iglesias Isla**. Psicóloga e ergónoma. Directora de Hércules Prevención. **Rocío Seoane Farré**, presidenta da Asociación de Ergonomía Galega.

Coordinador: **Carlos Montes Piñeiro**, Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de PTO do COPG.

■ Curso: *Selección de persoal. Convocatoria de corpos de seguridad*

Datas: do 20 de outubro ao 19 de decembro (modalidade presencial e telemática).

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docentes: **Pilar del Pueblo López**, consultora de RR. HH. e asesora técnica de tribunais de oposición da Comunidad Valenciana.

Mª Concepción Prado Álvarez. Experta en selección, formación e orientación profesional. Responsable de Emprego do COPG.

Coordinadora: **Mª Concepción Prado Álvarez**, Sección de PTO do COPG.

■ Sesión técnica: *A norma UNE-ISO 10667: unha oportunidade...*

Data: 22 de novembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: **Luis Barbero Hernández**. Director de Management

Information Spain-Qfor. Consultor de RR. HH. de Azimut Management. Asesor de Calidade de PSICOFUNDACION.

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**, Sección de PTO do COPG.

b) Sesións informativas:

Destinadas a estudiantes da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**, coordinador da Sección de PTO do COPG.

■ Sesións Informativas de PTO *A consultoría en recursos humanos e a xestión do rendemento nas organizacións*

Data: 31 de marzo.

Relator: **Juan A. Armental López**. Director de Arresta Consultores.

■ Sesións Informativas de PTO *Xestión de persoas: navegando entre redes*

Data: 7 de abril.

Relator: **José Ortúñoz Vilurbina**. Departamento de Personas e Organización, Repsol.

■ Sesións Informativas de PTO *Activando a intervención psicológica en situacións críticas*

Data: 28 de abril.

Relatoras: **Mª Luz Losada Somoza e Mª Carmen Patiño García**, psicólogas do GIPCE – COPG.

c) Grupos de Traballo:

Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional

Composición: Carlos Montes Piñeiro (Coordinador), José Manuel Campal Fernández, Mónica Couso Fuentes, Eduardo Estévez Diéguez, M^a del Carmen Patiño García, M^a Fabiola Pinín Paleo e José Romay Martínez.

Proxectos en desenvolvemento:

- Directorio de empresas ligadas á prevención de riscos laborais.
- Tríptico informativo sobre o rol da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos na prevención de riscos laborais.



Sesión técnica: Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional

d) Colaboracións e participacións:

- Xornada Técnica *Acoso laboral: conceptos e avaliación*

Data: 13 de marzo.

Organiza: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Lugar: ISSGA (Xunta de Galicia) A Coruña.

- III Encontro Territorial de Seccións de PTO. *Marco normativo e legal dos profesionais da psicoloxía. Retos de futuro para os profesionais de PTORH.*

Data: 10 de maio.

Organiza: División de Psicología del Trabajo, Organizaciones y Recursos Humanos (PTORH).

Lugar: Salón de actos, Consejo General de la Psicología. Madrid.

- Xornada Técnica *Acoso laboral: conceptos e avaliación*

Data: 7 de outubro.

Organiza: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Lugar: ISSGA (Xunta de Galicia) Lugo.



Xornada Técnica *Acoso laboral: conceptos e avaliación*

e) Campañas de divulgación:

Divulgación dos ámbitos de intervención profesional a través de dípticos informativos a: estudiantes da Facultade de Psicoloxía (USC), Confederación de Empresarios, concellos, cámaras de comercio e empresas da Comunidade Autónoma.

- Díptico: *Ámbito de actuación da Psicoloxía do Traballo e das organizacións*

- Díptico: *A Norma UNE-ISO 10667: garantía na avaliación de persoas*

f) Participación nas comisións intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.

g) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

h) Participación no funcionamento da División de PTORH do Consejo General de COP.

5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 25 de xaneiro
- 5 de abril
- 12 de xullo
- 22 de novembro
- 12 de decembro
(Asemblea de Socios e Socias)



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

- M^a Jesús López Cernadas
Presidenta
- David Facal Mayo**
Vicepresidente
- M^a José Fares Varela
Secretaria
- M^a Leonor Galiana Caballero**
Tesorera
- Elena Bastos Expósito
Cristina Fontañá García
Isabel González-Abraldes Iglesias
Elena Seoane de la Fuente
Isabel Varela Castiñeiras
Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Obradoiro *Potenciar o bo trato coas persoas maiores*
Data: 14 de marzo.
Lugar: San Sadurniño (A Coruña).
Docentes: **Concepción Rodríguez Pérez**, psicóloga e terapeuta.
- Obradoiro *A expresión artística como forma de intervención social. A expresión a través da cor e a pintura*
Data: 5 de abril.
Lugar: Centro Sociocultural de Santa Marta (Santiago de Compostela).
Relatora: **Encarnación Álvarez Gallego**, psicóloga con formación específica en expresión artística.
- Obradoiro *Técnicas innovadoras na práctica da psicoloxía*
Data: 24 de maio.
Lugar: Centro Sofros. Nigrán (Pontevedra).
Relatores: **Pedro Santamaría Gargamala**, psicólogo no eido privado en Vigo. **Teresa Vázquez Amado**, psicóloga no eido privado en Nigrán. **José Luis Armendia Zabala**, profesor de ioga, Logroño.



Obradoiro *Técnicas innovadoras na práctica da psicoloxía*



Reunión de Espazo Dialoga

■ Debate *A realidade actual na psicoloxía da Intervención Social. A psicóloga e psicólogo da Intervención Social na busca activa de emprego*

Data: 12 de decembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatoras: M. del Carmen Patiño García, licenciada en psicoloxía.

María Jesús López Cernadas, licenciada en psicoloxía e presidenta da Sección de Intervención Social.

c) Documentación elaborada: Manual de protocolos de actuación do psicólogo ou psicóloga nos Servizos Sociais Comunitarios.

d) Representación do COPG no **Espazo Dialoga**, conformado polo COPG, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

e) Participación nas **comisións intersectoriais do COPG** de Xénero e Mediación.

f) A presidenta, María Jesús López Cernadas, resultou elixida para formar parte da directiva da División de Psicoloxía de Intervención Social nas eleccións da División do Consejo General de la Psicología celebradas o 12 de novembro.

g) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

6. COMISIÓNS

6.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 20 de maio
- 21 de outubro

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as colexiadas e colexiados coma nas institucións e na sociedade en xeral.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Hipólito Puente Carracedo

Coordinador

M^a Elsa Rodríguez Viña

Representante da Sección de Psicoloxía e Saúde

Ana M^a Ulloa Lage

Representante da Sección de Psicoloxía Educativa

M^a Elena Bastos Expósito

Representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Carlos Montes Piñeiro

Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Dolores Seijo Martínez

Representante da Sección de Psicoloxía Xurídica

Eva Muíño Gómez

Representante do Grupo de Tráfico e Seguridade



Comisión Intersectorial de Mediación



Curso *Mediación en asuntos civís e mercantís*

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso *Mediación en asuntos civís e mercantís*

Datas: de febreiro ata maio de 2014 (100 horas).

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docentes:

Raquel Castillejo Mazanares, Catedrática de Dereito Procesual da Universidade de Santiago de Compostela.

Esther González Pillado, Catedrática de Dereito Procesual da Universidade de Vigo.

Milagros Otero Parga, Catedrática de Filosofía do Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

Mercedes Novo Pérez, Profesora titular de Psicoloxía Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Francisca Fariña Rivera, Catedrática de Psicoloxía Básica da Universidade de Vigo.

Blanca Otero Otero, Mediadora do Equipo de Mediación Intraxudicial de Vigo.

Rosa Sánchez González-Dans, Mediadora.

Elena Gómez-Segade González, Mediadora e Profesora da Escola de Práctica Xurídica.

Juan Manuel Daponte Codina, Mediador do Equipo de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela.

Olga Faílde Picallo, Mediadora do Equipo de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela.

José Antonio Varela Alonso, Mediador do Equipo de Mediación Intraxudicial de Ourense.

Cristina Nespereira Mira, Mediadora do Equipo de Mediación Intraxudicial de Ourense.

- b) Analizar a situación actual da mediación en asuntos civís e mercantís en Galicia e facer propostas para o futuro.

6.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 7 de marzo
- 27 de outubro



Comisión Intersectorial de Xénero



Xornada de formación *Xestión da mente para a superación da violencia de xénero*



Conferencia sobre o manual *La salud mental de las mujeres: la psicoterapia de equidad feminista*

Está composta por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas e os coordinadores dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e «Abramos o Círculo».

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Rodríguez Pérez
Coordinadora

Mª José Fares Varela
Representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Nuria Lago Fernández
Representante da Sección de Psicoloxía Educativa

Rosa Cerqueiro Landín
Representante da Sección de Psicoloxía e Saúde

Concepción López Martín
Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

María Alba Sousa González
Representante da Sección de Psicoloxía Xurídica

Rubén Villar Trencó
Coordinador do Programa «Abramos o Círculo»

Fátima López Rodríguez
Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

ACTIVIDADES

a) Xornada de formación *Xestión da mente para a superación da violencia de xénero*

Data: 25 de xaneiro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relator: **Evandro Vieira Ouriques**, terapeuta de base analítica, corporal e enerxética de Rio de Janeiro (Brasil).

b) Conferencia sobre o manual *La salud mental de las mujeres: la psicoterapia de equidad feminista*

Data: 11 de marzo.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Relatoras: **Soledad Muruaga e Pilar Pascual**, autoras do manual e psicólogas.



Conferencia *Desigualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, homofobia e transfobia*

- c) Conferencia *Desigualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, homofobia e transfobia*

Data: 5 de novembro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Relatora: **Teresa Peramato Martín**, Fiscal adscrita da Sala contra a Violencia de Xénero de Madrid.

- d) III Velada literaria *Vozes contra a Violencia de Xénero*

Data: 25 de novembro.

Lugar: Sala Ultramarinos de Santiago de Compostela.

Relatoras: **2naFronteira, Alejandro Nuricumbo, Luz Fandiño, Alexandre Brea, Miguel Alonso, Teresa Moure, Cruz Martínez, Xurxo N. Martins, José Goris, Ramiro Torres, Iolanda Rodríguez Aldrei, Concha Rousia.**

6.3. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE



Comisión de Psicoloxía do Deporte

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Dolores González Fernández
Coordinadora

Eva García Quinteiro
Graciela Lois Río
Julio Prol Bao
Iria Salvador Pérez
Delfina Vicente Santiago

ACTIVIDADES

- a) Participación no funcionamiento da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte do Consejo General de la Psicología.
- b) Presentación do Máster de Psicoloxía do Deporte da Universidade de Santiago de Compostela 2014.

6.4. COMISIÓN DE CULTURA

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Rodríguez Pérez

Coordinadora

José Luis Domínguez Rey



Entrega de premios do VII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia *Rosa de Cen Follas*

VII Concurso Literario do COPG

Rosa de Cen Follas de poesía e narrativa

■ Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana

Concepción Rodríguez Pérez

Coordinadora da Comisión de Cultura e Escritora

Joel Gómez

Xornalista

Iolanda Rodríguez Aldrei

Escritora

- a) Convocatoria dos Premios de Narrativa e Poesía Rosa de Cen Follas no mes de maio.
 - b) Presentáronse un total de 58 obras, das cales 22 foron na modalidade de narrativa e 36 na de poesía.
 - c) Reunión do Xurado do VII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia *Rosa de Cen Follas* o 17 de novembro co fin de deliberar o fallo dos premios de poesía e narrativa do concurso.
 - d) O 2 de decembro tivo lugar na sede do COPG a entrega de premios do VII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia *Rosa de Cen Follas*.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG e vogal da Xunta de Goberno, Concha Rodríguez Pérez, fixeron entrega dos galardóns ás persoas gañadoras desta edición, Ramón Sandoval Pérez na modalidade de poesía coa obra titulada *Os que estamos malditos* e Raquel Couto Antelo na modalidade de narrativa coa obra *Como deixar a moza antes de que se decate de que ten un bulto no peito*. Igualmente se fixo entrega das mencións ás obras finalistas en ámbalas dúas modalidades: En narrativa *Wild is the wind, por Simeone* de Jonatan Da Silva Vecino e *Aquel. Aquel más que neve branco* de Tito Pérez Pérez; en poesía *Test de embarazo positivo* de Verónica Martínez Delgado e *B. Lingua* de Ana Belén Fernández Rodríguez. De seguido Iolanda Aldrei e Alexandre Brea deron lectura a diversos textos. Tamén se contou coa intervención do cantautor Miguel Alonso.

6.5. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional séptima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

ENCONTROS

- Vigo, 18/01/2014
156 persoas colexiadas
- Vigo, 21/02/2014
20 persoas colexiadas
- A Coruña, 25/01/2014
130 persoas colexiadas
- Ourense, 01/02/2014
45 persoas colexiadas
- Lugo, 08/02/2014
32 persoas colexiadas

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

- Concepción Fernández Fernández**
Secretaria do COPG
- Víctor Manuel Torrado Oubiña**
Vogal da Xunta de Goberno
- Xavier Sardiña Agra**
Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde
- Rosa Cerqueiro Landín**
Secretaria da Sección de Psicoloxía e Saúde

ACTIVIDADES

A Comisión de acreditación para o exercicio de actividades sanitarias reuniuse en 21 ocasións, resolveu en 2014 un total de 785 solicitudes de expedición da acreditación para o exercicio de actividades sanitarias, das cales 739 resultaron positivas por cumplirse os requisitos establecidos pola regulación actual.

Atendéronse máis de 2.000 chamadas telefónicas durante 2014 sobre este tema; para dar atención a este elevado volume de consultas ampliouse o horario de asesoría xurídica nos meses de agosto e setembro.

Coa intención de dar unha mellor información aos colexiados e colexiadas, impartíronse unha serie de charlas divulgativas nas que participou a decana do COPG, María Rosa Álvarez Prada, e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, Francisco Javier Sardiña Agra. Os encontros percorreron distintas cidades de Galicia para chegar ao maior número de colexiados e colexiadas posible.

6.6. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN DE PSICÓLOGA/PSICÓLOGO EXPERTO EN NEUROPSICOLOXÍA CLÍNICA

O COPG, convxuntamente coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía e a Universidade de Santiago de Compostela, desenvolve un procedemento de Acreditación de Psicóloga/Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica. Este procedemento de acreditación é o resultado do traballo consensuado entre as citadas institucións, que consideran que a práctica da Neuropsicoloxía Clínica require dunha formación especializada, tanto en aspectos teóricos como prácticos, que reúna criterios de calidade que deben ser acreditados polos Colexio Oficiais de Psicoloxía.

Esta acreditación serve para cumplir dous obxectivos principais: por unha banda, permitirá garantir que os servizos que a Experta/Experto en Neuropsicoloxía Clínica proporcione á sociedade sexan dunha alta calidade, asegurando que as psicólogas e psicólogos que os desenvolven disponen da formación necesaria e por outra banda, servirán para establecer as bases dun futuro recoñecemento da acreditación oficial da Neuropsicoloxía Clínica.

A Comisión reunise en 3 ocasións, resolveu en 2014 un total de 7 solicitudes de expedición da acreditación, das cales 5 resultaron positivas por cumprirse os requisitos establecidos pola regulación actual.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Fernández Fernández
Secretaria do COPG

Ignacio Dopico González
Representante do COPG

Ester Asensio Cubero
Representante da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

Ana Jartín Abraira
Representante da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

Marina Rodríguez Álvarez
Representante da Universidade de Santiago de Compostela

7.

GRUPOS DE TRABALLO

7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLOGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de xaneiro
- 24 de febreiro
- 24 de marzo
- 21 de abril
- 26 de maio
- 30 de xuño
- 28 de xullo
- 25 de agosto
- 22 de setembro
- 27 de outubro
- 24 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz
Coordinadora

Ana M^a Núñez Rubines
Secretaria

M^a Carmen González Hermo
Documentación

M^a Isabel Vázquez Prado
Aurora Rozadilla Arias
José Ramón García Gómez
Julita M^a Touriño Araújo (desde 21 de abril)
M^a Carmen Patiño García (desde 21 de abril ata 22 de setembro)
Formación

M^a Luz Losada Somoza (ata o 22 de setembro)
Concepción López Martín
M^a Carmen Patiño García (desde 22 de setembro)
Comunicación

M^a Elena González Cid (ata o 27 de xaneiro)
Fátima López Rodríguez (ata o 27 de xaneiro)
Aurora Rozadilla Arias (desde o 27 de xaneiro)
Intervención



Comisión Coordinadora do GIPCE



Xornada Técnica *Revisión interna da intervención no accidente de tren Alvia*



Xornada Práctica *Repensando as intervencións 2014*



Curso *Intervención con intervenientes*



Xornada de Intervención Multidisciplinar
no accidente do tren Alvia

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Xornada Técnica *Revisión interna da intervención no accidente de tren Alvia*

Data: 18 de xaneiro.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

- Xornada Práctica *Repensando as intervencións 2014*

Data: 15 de febreiro.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Relatores: Concepción López Martín, Raquel Malvárez García, Ana Isabel Martínez Arranz, Olegaria Mosqueda Bueno, Julita M^a Touriño Araújo, M. Elena Seoane de la Fuente, M. Sandra Izaguirre García e Aurora Rozadilla Arias. Integrantes do GIPCE.

- Curso *Intervención con intervenientes*

Datas: 23 e 24 de maio.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Docente: Inma Albi Gascó, psiquiatra na Consellería de Sanidade da Comunitat Valenciana e membro de SIRA.

- Curso *Consecuencias psicológicas en víctimas de desastres*

Data: 28 de novembro.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Docente: M^a Paz García-Vera, Catedrática do Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidade Complutense de Madrid

- Xornada de Intervención Multidisciplinar no accidente do tren Alvia

Data: 29 de novembro

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Docentes M^a Ángeles Botas Piñón (xefa da Sección de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela), Laura Cerviño Trigo (responsable ERIES de Cruz Vermella de Galicia), José Gil de Bernabé Sánchez (subdirector xeral de Planificación e Protección Civil na Xunta de Galicia), Vicente Ángel Riveiros Otero (inspector xefe do Corpo Nacional de Policía e xefe da Brigada Provincial da Policía Científica), Beatriz Otero Abadín (directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia –IMELGA–) e Ana Isabel Martínez Arranz (coordinadora GIPCE).

b) Intervencións

- Afundamentos:

11 de marzo. Muros (A Coruña)

1 e 2 de abril. Vigo (Pontevedra)

30 de novembro e 1 de decembro. Burela (Lugo)

- Desaparicións no mar:

2 de febreiro. Foz (Lugo)

Do 22 ao 28 de maio. A Guarda (Pontevedra)

30 de novembro. Viveiro (Lugo)

■ **Violencia de xénero:**

- 7 de xaneiro. Tomiño (Pontevedra)
- 2 de maio. A Coruña (A Coruña)
- 29 de xullo. Pazos de Borbén (Pontevedra)
- Do 25 ao 27 de agosto. Barro (Pontevedra)

■ **Suicidios:**

- 11 de xuño. Cervo (Lugo)
- 25 de xuño. Arbo (Pontevedra)

■ **Accidentes laborais:**

- 1 de abril. Caldas de Reis (Pontevedra)
- 13 de xullo. Fene (A Coruña)
- Do 5 ao 7 de decembro. Valga (Pontevedra)

■ **Falecementos:**

- 2 de febreiro. As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)
- 15 de setembro. Muros (A Coruña)
- 24 de novembro. Poio (Pontevedra)
- 29 de novembro. Vigo (Pontevedra)



Simulacro en Maside (Ourense)



Simulacro na Coruña

c) Participación en simulacros

- 18 de xuño. Simulacro en Maside (Ourense) polo PEE de CEPSA Comercial Petróleo. Participan 2 GIPCEs.
- 12 de xullo. Simulacro no aeroporto de Peinador, en Vigo. Participan 9 GIPCEs.
- 29 de setembro. Simulacro na Coruña realizado dentro das II Xornadas Internacionais de Atención Prehospitalaria. Participan 5 GIPCEs.
- 16 de decembro. Simulacro correspondente ao PEE da empresa Finsa-Foresa situada en Caldas de Reis (Pontevedra). Participa unha GIPCE.
- 18 de decembro. Simulacro correspondente ao PEE da empresa Finsa-Foresa situada en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Participa unha GIPCE.

d) Formación impartida

- Impartición dun curso sobre a intervención do GIPCE no accidente de tren Alvia. Celebrouse o día **11 de xaneiro** en Granada para os colexiados e colexiadas do COP de Andalucía Oriental.
- Participación nas Xornadas de Emerxencias e Autocoidado realizadas en Narón. Celebrouse o día **1 de febreiro**.
- Impartición do curso *Xestión do conflito na emerxencia*. Celebrado o **11 de febreiro** e destinado a persoal do 061.
- Impartición do curso *Comunicación formal e informal* (1ª edición) os días **10 e 12 de marzo**. Destinado a membros da Policía Local.
- Impartición dunha charla informativa sobre o GIPCE nas I Xornadas sobre Emerxencias Psicosociais en Ferrol o **14 de marzo**.
- Impartición dun curso sobre a intervención do GIPCE no accidente de tren Alvia. Celebrouse o día **22 de marzo** en Barcelona para os colexiados e colexiadas do COP de Catalunya.
- Impartición dun seminario no Máster de Psicoloxía Sanitaria da USC para a materia *Intervención en crises e trauma* o día **8 de abril**.
- Impartición do curso *Comunicación formal e informal* (2ª edición) os días **28, 29 e 30 de abril**. Destinado a membros da Policía Local.
- Impartición dunha charla informativa sobre o GIPCE na USC para a materia *Psicoloxía do Traballo e das Organizacións* o **28 de abril**.
- Curso destinado a voluntarios de Protección Civil do Concello da Coruña o día **3 de maio**.
- Impartición do relatorio *Intervención no accidente do tren Alvia en Santiago de Compostela* no marco da xornada de formación interna «Xestión de intervención psicolóxica en desastres e emergencias», organizada polo Consejo General de la Psicología en Madrid o **17 de maio**.
- Impartición do curso *Apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervenientes en situación críticas, de emergencia ou catástrofe* (1ª edición) os días **14 de maio e 3 de xuño**, destinado a membros de Protección Civil.
- Participación no Simposio sobre a Intervención en Emerxencias no IX Congreso Iberoamericano de Psicoloxía celebrado en Lisboa entre o **9 e o 13 de setembro**.
- Impartición da materia de Psicoloxía Policial na AGASP (Academia Galega de Seguridade Pública) para policías locais en Promoción entre o **16 de setembro e o 10 de outubro**.
- Impartición dunha materia na AGASP (Academia Galega de Seguridade Pública) para Policias Locais de novo ingreso entre o **24 de setembro e o 17 de decembro**.
- Impartición dun curso no Colegio Oficial de Psicólogos de Valencia sobre a intervención no accidente de tren Alvia os días **19 e 20 de setembro**.
- Impartición dun taller de primeiros auxilios psicolóxicos nas II Jornadas Internacionais de Atención Prehospitalaria, celebradas na Coruña entre os días **26 e 28 de setembro**.



I Xornadas sobre Emerxencias Psicosociais

- Ponencia sobre a intervención no accidente de tren Alvia nas *I Jornadas de intervención psicológica en contextos de emergencia y catástrofe* celebradas os días 17 e 18 de outubro en Bilbao.
- Impartición do curso *Apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervenientes en situación críticas, de emerxencia ou catástrofe* (2ª edición) os días 14 e 15 de outubro, destinado a membros de Protección Civil na AGASP (Academia Galega de Seguridade Pública).
- Impartición dun obradoiro sobre a intervención en situacíons críticas en contexto educativo, destinado a psicólogas e psicólogos colexiados da Sección de Psicoloxía Educativa e celebrado o 7 de novembro no COPG en Santiago de Compostela.
- Comunicación nas *I Jornadas Internacionales de Suicidio* celebradas en Málaga os días 14 e 15 de novembro.

e) Documentación

Incorporouse o seguinte material á área de documentación:

- Vídeo de entrevista sobre un relato real de comunicación de malas noticias.
- Documental interno con declaracíons de testemuñas GIPCE sobre a intervención no accidente de tren Alvia.
- Cartafol de prensa *1º Aniversario Accidente Ferroviario de Angrois*.



I Jornadas Internacionales de Suicidio

f) Reunións:

- O 10 de xaneiro realizouse unha entrevista á coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, para o proxecto europeo PSYCRIS. Este proxecto pretende deseñar un plan de apoio social para a redución do estrés dirixido a xestores de emerxencias. A entrevista está enmarcada no rolda de entrevistas que realizaron a distintos xestores de emerxencias nacionais. Dentro deste mesmo proxecto, o 17 de febreiro mantívose unha reunión a través de Skype con outros membros participantes, a representante da EFPA (European Federation of Psychologists Association) e a coordinadora do RIPE (Red Iberoamericana de Psicología en Emergencias).
- O 17 de marzo e o 1 de decembro mantivérónse senllas xuntanzas na AGASP (Academia Galega de Seguridade Pública) coas persoas responsables de formación da Policia Local.
- Mantívose un encontro co 061 o 7 de abril para revisar o protocolo de activación.



Entrevista para o proxecto europeo PSYCRIS

g) Grupos de Traballo

■ Grupo de gardas

Formado por: Isabel Cabado Fidalgo, M^a Leonor Galiana Caballero, Rocío García Calvo, Elena González Cid, M^a Carmen González Hermo, Concepción López Martín, Fátima López Rodríguez, M^a Luz Losada Somoza, Olegaria Mosqueda Bueno, Ana M^a Núñez Rubines, M^a Carmen Patiño García, Aurora Rozadilla Arias, M^a Elena Seoane de la Fuente, M^a Jesús Taboada Costas e M^a Isabel Vázquez Prado.

Encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.

Durante este ano realizouse a xuntanza anual o día **15 de febreiro**. Nesta revisáronse as situacións de coordinación máis relevantes que aconteceron durante o ano anterior.

■ Grupo de apoio a intervenientes (GAI)

Formado por: José Manuel Campal Fernández, Leticia Cariñena Amigo, M^a Jesús Lillo Montes, Gonzalo Opazo Marra, Avelina Senra Comesaña e M^a Jesús Taboada Costas.

Encargados de proporcionar o soporte psicolóxico necesario a aqueles membros do grupo que acaban de participar nunha intervención.

Durante o ano 2014 activáronse a dúas compañeiras do GAI para que fixesen seguimento a un total de 5 GIPCEs que interviñeron en 3 intervencións distintas.

■ Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior

Formado por: Ana Isabel Martínez Arranz e Elena González Cid (provincia da Coruña), M^a José Lillo Montes (provincia de Lugo), José Ramón García Gómez (provincia de Ourense) e M^a Luz Losada Somoza (provincia de Pontevedra).

Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algúns destes Plans de Emerxencia Exterior e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Durante este ano participouse na elaboración dos seguintes Plans:

- **CEPSA gasóleos, situada en Maside (Ourense).** A xuntanza de elaboración da parte correspondente ao Grupo Sanitario celebrouse o día **20 de marzo**. O **6 de maio** realizouse unha visita á empresa, o **2 de xuño** unha xuntanza de preparación do simulacro, o cal se realizou o **día 18 de xuño** e contou coa participación de dous GIPCEs.
- **FINSA-FORESA situada en Caldas de Reis (Pontevedra).** Elaborouse e mandouse a parte correspondente á intervención psicolóxica en novembro. Reunión do Grupo Sanitario o **día 9 de decembro** para preparar o simulacro que se levou a cabo o **día 16 de decembro**. Neste participou a GIPCE que figura como suplente no Plan de Emerxencia Exterior.
- **FINSA-FORESA situada en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).** Elaborouse e mandouse a parte correspondente á intervención psicolóxica en novembro e participouse no simulacro que se levou a cabo o **día 18 de decembro**, no que participou unha GIPCE.
- **Lodos Vermellos de Alcoa, situada en Xove (Lugo).** Elaborouse e enviouse a parte correspondente á intervención psicolóxica en novembro. O simulacro programado para decembro trasladouse a xaneiro de 2015.
- **Plan Especial de Incendios.** Elaborouse e enviouse a parte correspondente á intervención psicolóxica en novembro.
- **Plan de Autoprotección do aeroporto de Vigo.** As reunións de preparación e revisión do simulacro programado para o **día 28 de xuño** e realizado finalmente o **12 de xullo** foron un total de 6 nas seguintes datas: **24 de abril, 12 de maio e 3, 18 e 24 de xuño**. O **18 de setembro** realizouse a reunión de revisión do simulacro. O **día 17 de decembro** reuniese novamente o Comité de Autoprotección para informar do novo Plan de Autoprotección.



Xuntanza anual do Grupo de Gardas do GIPCE

■ Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno

Formado por 4 GIPCEs que se encargarán de revisar e rematar o Plan de Emerxencias Interno.

Durante este ano tiveron 4 reunións por Skype nas seguintes datas: 6 e 20 de novembro, 4 e 15 de decembro.

■ Grupo de Traballo encargado de elaborar Material de Intervención.

Formado por 4 GIPCEs coa finalidade de revisar a ficha de triaxe, elaborar a ficha de filiación e actualizar o protocolo de activación.

Durante este ano tiveron unha reunión realizada por Skype o 17 de decembro.

h) Seguimento da intervención no accidente do tren Alvia:**1. Encontros:**

- A decana do COPG, **María Rosa Álvarez Prada**, e a coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, reuníronse con expertos do Centro de Investigación e Desenvolvemento en Medicina de Urgencia da Universidade de Umea (Suecia), o 15 de xaneiro na sede do COPG.



Xuntanza con expertos da Universidade
de Umea (Suecia)

- A coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, reuníuse coa directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia, **Beatriz Otero**, o 6 de marzo.

- A coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, reuníuse coas responsables de Cruz Vermella en Galicia, o 10 de marzo.

- A coordinadora do GIPCE, **Ana Isabel Martínez Arranz**, reuníuse con representantes de Servizos Sociais do Concello de Santiago o 25 de marzo.

- Reunión en Madrid o 17 de maio coa profesora da Universidade Complutense M^a Paz García Vera.
- A coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, reuniuse con responsables da Policia Científica da Coruña o 18 de xullo.
- Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do GIPCE, reuniuse co responsable da Policia Xudicial na Coruña o 11 de agosto.
- A coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, reuniuse co xuíz Aláez, responsable da instrución do accidente do tren Alvia, o 23 de outubro.

2. Difusión:

- Publicación en diversas revistas especializadas de artigos sobre a intervención do GIPCE no accidente de tren Alvia:
 - Dous artigos sobre a intervención no accidente de tren Alvia, o 24 de abril e o 21 de maio, na revista dixital *Psicosocial&Emergencias*.
 - “Comunicación de malas noticias: El accidente del tren Alvia en Santiago de Compostela”. Será publicado en Cuadernos de crisis.
 - *Lecciones aprendidas*. Será publicado en *Cuadernos de crisis*.
 - “Intervención psicológica en el Accidente de tren Alvia en Santiago de Compostela: La comunicación del hallazgo de nuevos restos humanos después de los funerales”. Será publicado en *Psicosocial&Emergencias*.
 - Información de interese na revista *Infocop* de difusión nacional.
- Documental interno con declaracóns de testemuñas GIPCE sobre a intervención no accidente de tren Alvia.
- Elaboración dun cartafol de prensa sobre o *1º Aniversario Accidente Ferroviario de Angrois*.

3. Recoñecementos:

Durante este ano, o GIPCE recibiu outro recoñecemento máis polo labor realizado durante o accidente de tren do 24 de xullo de 2013: A Medalla de Ouro de Galicia. Esta foi concedida pola Xunta de Galicia a profesionais e voluntariado que traballaron no accidente.

Este recoñecemento súmase aos tres recibidos durante o 2013: Colexio Oficial de Psicólogos de Murcia, o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Desde o GIPCE sentimos orgullo por estes recoñecementos e con eles pechamos esta etapa posterior a nosa intervención no accidente de Angrois. Toca seguir traballando duramente para ser merecedores desta responsabilidade. Nada distinto, por outra parte, do que levamos facendo todos estes anos. Formarnos o mellor posible para dar a mellor atención da que somos capaces.

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez

Coordinadora

Eduardo Anoeta Rodríguez

Juan Bonome Rodal

Pilar Casal Devesa

Rosa M^a Domínguez Cameán

Carlos Gestal Gestal

María Mariño Barca

M^a Jesús Sánchez Peteiro

REUNIÓNS DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 27 de febreiro
- 26 de xuño
- 25 de setembro
- 29 de novembro

ACTIVIDADES

a) Formación do Grupo:

- Sesión Formativa *Directrices para a formación inicial na Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade*
Data: 12 de marzo.
Lugar: Centro sociocultural de Santa Marta (Santiago de Compostela).
Docente: **M^a Teresa Morali**. Presidenta da Sección de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do COP de Catalunya.
- Sesión Formativa *Intervención con técnicas de manexo do estrés en situación de conducción e no postaccidente*
Data: 7 de xuño.
Lugar: Centro sociocultural de Santa Marta (Santiago de Compostela).
Docente: **Julita M^a Touriño Araujo**. Psicóloga e membro do GIPCE do COPG.
- Mesa Redonda *Enfocando a intervención con víctimas de accidentes de tráfico*
Data: 7 de xuño.
Lugar: Centro sociocultural de Santa Marta (Santiago de Compostela).
Docente: **Concepción Rodríguez, Rosario Pousa, Ana Reiriz e Manuel Castro**. Cada participante relatou seu caso desde os enfoques: sistémico, Gestalt, EMDR e cognitivo-conductual.
- *Mindfulness: consciencia plena na intervención psicológica*
Data: 25 de outubro.
Lugar: Salón de actos do COPG.
Docente: **Francisco Javier Elcarte López**. Psicólogo, psicoterapeuta e director do Centro de psicoloxía da saúde e biofeedback VITALIZA (Navarra).

REUNIÓNS DO GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Celebráronse nas seguintes datas:

- 12 de abril
- 25 de outubro



Sesión Formativa *Directrices para a formación inicial na Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade*



Sesión Formativa *Intervención con técnicas de manexo do estrés en situación de conducción e no postaccidente*



Mesa Redonda *Enfocando a intervención con víctimas de accidentes de tráfico*



Sesión Formativa *Mindfulness: conciencia plena na intervención psicológica*



Coordinadoras do Programa PSICOVIAL

b) Intervencións

Xornadas de Concienciación

Realizáronse neste ano 3 intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria:

- 1 grupo en Ferrol, nos meses de setembro e outubro con 25 asistentes.
- 1 grupo en Pontevedra, nos meses de outubro e novembro con 20 asistentes.
- 1 grupo en Santiago, nos meses de outubro a decembro con 8 asistentes.

Actuaron como coordinadores e coordinadoras: Eduardo Anoeta, Paula Pereira, Begoña Blanco e Juan Bonome en Ferrol; Luz Mosquera, Gumersinda Cao, Diego Antelo e Esther Caamaño, con Sandra Carrasco de observadora en Pontevedra; María Mariño, Teresa Antelo, Eva Muíño, con Diego Lorenzo como observador en Santiago.

Cómpre sinalar que este anos dobrouse o tempo de intervención en cada Grupo, pasando a ter unha duración de dous meses, seguindo as novas instrucións de Institucións Penitenciarias.

SEVIME

Este programa lévase desenvolvendo desde hai cinco anos en colaboración coas policías locais de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas coa seguridade viaria con menores.

Este ano 2014 levouse a cabo unha única intervención cun grupo de menores, en colaboración coa Policía Local de Pontevedra e outra intervención con outro grupo de menores en colaboración coa Policía Local de Vigo.

PSICOVIAL

A finais de setembro deu comezo a segunda edición do programa Psicovial, en formato programa longo e grupo pequeno, durante 9 meses. Neste caso o grupo estivo composto por 10 asistentes, penados con poli e multirreincidencia.

Este programa segue a desenvolverse a razón dunha sesión quincenal de 4 horas. de duración cada sesión. Intercálanse sesións individuais con sesións grupais durante os primeiros 6 meses, posteriormente nos tres últimos meses realizanse sesións individuais de seguimento.

Coordinan esta intervención M^a Jesús Sánchez e Eva Muíño coa observación de José Lamas e Sandra Sesto.

O lugar no que se desenvolve é o local sociocultural «A Cuña» en Ourense.

c) Participación nas seguintes actividades

■ Colaboración no artigo “El desafío de la reincidencia” Revista *Tráfico y Seguridad Vial*, nº 225 marzo-abril 2014.

■ Celebrarónse dúas reunións anuais (unha en xuño e outra en novembro) co representante do Grupo UDIPRE da USC en relación ao convenio de colaboración co Grupo de Tráfico.

7.3. GRUPO DE TRABALLO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

A Xunta de Goberno do COPG na xuntanza de 28 de outubro considerou necesario crear un Grupo de Traballo para estudar e valorar a situación da Atención Temperá na nosa Comunidade ao abeiro da nova lexislación que regula a actuación integral en Galicia; tanto no modelo de intervención como na situación das e dos profesionais da Psicoloxía que a desenvolven.

O Grupo está composto por uns representantes das seccións de Psicoloxía e Saúde, de Intervención social e de Educativa, nomeado por cada unha destas.

REUNIÓNS DO GRUPO

- 18 de novembro
- 9 de decembro

COMPOSICIÓN DO GRUPO

Olegaria Mosqueda Bueno

Coordinadora

Manuela del Palacio García

Sección de Psicoloxía Educativa

Mª José Fares Varela

Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Javier Sardiña Agra

Sección de Psicoloxía e Saúde

José Carlos Cardama Barrientos

Mª Luisa Pendás Sánchez

Expertos/as



Grupo de Traballo de Atención Temperá

8.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase dentro do marco do Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sufren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padeceran situacions de violencia de xénero. Véñse renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA

Fátima López Rodríguez

ACTIVIDADES



Xornada formativa *Estudo de casos prácticos*

a) Formación (impartida conjuntamente co Programa Abramos o Círculo):

■ Xornada formativa *Estudo de casos prácticos*

Data: 5 de abril.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Relatoras: Raquel Malvárez García, María del Carmen Morell Muñoz, Camila Vidal Gutiérrez e Mª Luz Losada Somoza. Terapeutas acreditadas dos programas de intervención.

■ Obradoiro *As/os menores vítimas da violencia de xénero*

Data: 26 e 27 de setembro.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública.

Docente: Pepa Horne Goicoechea. Psicóloga e consultora en infancia, afectivididade e protección no eido privado.

■ Curso *Estilos de apego e a súa relación coa conduta violenta*

Datas: 21 e 22 de novembro.

Lugar: Hotel Tryp Santiago

Docente: Anabel González Vázquez, psiquiatra e psicoterapeuta directora do Programa de Trauma e Disociación do CHUAC.

b) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- Elaboración de protocolos de activación e de intervención para situacións de tentativa de asasinato ou de asasinato por violencia de xénero. O proceso de elaboración levouse a cabo de modo coordinado coa coordinadora do GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG e 112).
- Elaboración de Protocolo de derivación e seguemento coa Federación de Persoas Xordas de Galicia para facilitar o acceso ao programa a todas aquelas persoas xordas e cegas que se atopen nunha situación de violencia de xénero.
- Actualización e nova tiraxe e envío de dípticos informativos do programa nos diferentes recursos e servizos da Comunidade Autónoma.
- Elaboración de borrador *Recompilación do traballo desenvolto por ambos programas ao longo dunha década*, e envío a Secretaría Xeral da Igualdade para o seu estudio e resolución.

Relatorio no CIS de Coruña presentando os programas PAPMVVX e Abramos o Círculo.

Contactos telefónicos con diferentes axentes sociais da Comunidade Autónoma para dar a coñecer o programa e posterior envío de dípticos que faciliten a difusión do servizo.

c) Participación da coordinadora do programa na **Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.**

d) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 124 profesionais en toda a Comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 273 mulleres, 36 delas non cumplen os criterios de admisión no programa ou non é posible a inclusión:
 - En 21 casos non teñen denuncia e non conseguem acreditar a situación de violencia de xénero por diferentes motivos.
 - En 11 casos existe convivencia co maltratador no momento da solicitude de incorporación.
 - En 4 casos non é posible o posterior contacto tras a derivación para darlle entrada no programa.

e) Reunións:

- Xuntanza de traballo co grupo de traballo de terapeutas para elaborar protocolo de actuación nos casos en que se incorpora a menores no proceso terapéutico.



Acto de sinatura do convenio dos programas

8.2. PROGRAMA «ABRAMOS O CÍRCULO»

Programa incluído no Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicológica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Vénse re-novando anualmente desde 2001.

COORDINADOR

Rubén Villar Trencó

ACTIVIDADES

a) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicológica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.



Obradoiro *As/los menores víctimas da violencia de xénero*

- Xornada formativa *Estudo de casos prácticos*
Data: 5 de abril.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
Relatoras: Raquel Malvárez García, María del Carmen Morell Muñoz, Camila Vidal Gutiérrez e Mª Luz Losada Somoza. Terapeutas acreditadas dos programas de intervención.
- Obradoiro *As/los menores víctimas da violencia de xénero*
Datas: 26 e 27 de setembro.
Lugar: Escola Galega de Administración Pública.
Docente: Pepa Horne Goicoechea. Psicóloga e consultora en infancia, afectividade e protección no eido privado.
- Curso *Estilos de apego e a súa relación coa conducta violenta*
Datas: 21 e 22 de novembro.
Lugar: Hotel Tryp Santiago.
Docente: Anabel González Vázquez, psiquiatra e psicoterapeuta directora do Programa de Trauma e Disociación do CHUAC.

b) Actividades desenvolvidas polo coordinador:

- O 14 de maio o coordinador do programa acudiu ao Centro de Inserción Social de A Coruña «Carmela Arias y Díaz de Rábago» para explicar as características do programa e o seu funcionamento dese a estudiantado en prácticas do último curso da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.
- O 4 xuño o coordinador do programa acudiu a unha xuntanza ao Centro de Información a Muller da Coruña para explicar as características do programa e resolver dúbidas con respecto ao seu funcionamento.
- O 28 de novembro, o coordinador do programa acudiu ao Centro de Saúde de Burela para participar na mesa redonda *Violencia de xénero, homes e masculinidades* que organiza o devandito centro de saúde para explicar o funcionamento do programa.

c) Participación do coordinador do programa na **Comisión Intersectorial de Xénero do COPG**.

d) Intervención:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 75 profesionais en toda Galicia.
- En total foron atendidos 93 homes, admitíronse 58 casos e iniciaron a intervención 57.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en Materia de Protección Civil. Vense renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emergencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), ver epígrafe 7.1 desta Memoria, organizado en forma de rede activable integrada por 43 psicólogas e psicólogos colexiados, con capacitación técnica e dotado da necesaria estruturación organizativa. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitud.

8.4. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2014 renováronse os Convenios de Colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago e o Colexio de Avogados de Ourense para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense.

A través dos convenios asinados pretende desenvolverse programas de mediación intraxudicial gratuita en Santiago de Compostela e Ourense, mediante a constitución de equipos de mediación compostos por un psicólogo ou psicóloga e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos e das menores do núcleo familiar.

Equipo de mediación intrax judicial de Santiago de Compostela

Juan Manuel Daponte Codina

Titular

Ana Esther Lamas Tizón

Suplente

Ao equipo de Santiago de Compostela fóronlle derivados 67 casos, dos que 50 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 50 (un 88%), dos cales 10 seguen en trámite para o ano 2015 (un 22%). Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 16 (47%) fronte a 18 sen acordo (53%). O servizo funciona dúas mañás á semana. Nos casos atendidos apréciase unha maior cantidade de aqueles que se ven afectados pola crise, como a modificación das condicións económicas ou liquidación de sociedade gananciais. Tamén se atenderon asuntos relativos a separacións/divorcios; modificación de medidas; garda, custodia e alimentos; execución de títulos xudiciais; medidas provisionais e réxime de visita de avós.

Equipo de mediación intrax judicial de Ourense

José Antonio Varela Alonso

Titular

José Ramón García Gómez

Suplente

Ao equipo de Ourense fóronlle derivados 101 casos. Do total dos casos derivados, asistiron á primeira sesión informativa presencial (PSIP) 68, o que supón un 67% dos asuntos. Segundo a información que lle consta ao Servizo, 6 dos 33 asuntos que non chegaron á PSIP, non o fixeron por ter chegado a un acordo previo ou estar a piques de facelo.

Dos 68 asuntos que asistiron á PSIP, iniciaron o proceso de mediación 32 (o 47%). Hai 6 asuntos derivados en 2014 continúan pendentes de comunicar a súa decisión de iniciar ou non a mediación (un 9%), mentres que 30 casos declinaron iniciar a mediación (o 44%). As persoas participantes na mediación chegaron a un acordo en 26 ocasións (o 87% dos casos iniciados e pechados) fronte aos 4 asuntos que acadaron acordo (un 13%). En dúas das derivacións que aceptaron iniciar mediación apreciamos problemas de incompatibilidade, sendo necesaria a substitución da mediadora avogada nunha ocasión e do mediador psicólogo noutra. En ambos os dous casos, a mediación finalizou sen que se chegase a acordo. Actualmente hai oito asuntos derivados en 2014 que aínda non se pecharon.

Os casos recibidos distribúense en separacións/divorcios; modificación de medidas; garda, custodia e alimentos; execución de títulos xudiciais; medidas provisionais e réxime de visita de avós.

Co fin de contribuír á divulgación da Mediación Intraxudicial, á solicitude da Consellería de Traballo e Benestar, o equipo deste Servizo de Mediación asistiu a dúas reunións celebradas en Lugo, ás que asistiron representantes da Consellería de Traballo e Benestar, representantes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como distintos operadores xurídicos da xurisdición de Lugo.

Así mesmo, tamén acudiu ao programa da TVG «A Revista», para promover a mediación familiar intraxudicial.

8.5. «XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN» DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade e en colaboración directa cos Servizos Provinciais de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, levou a cabo as *Xornadas de Concienciación* de seguridade viaria. Estas Xornadas van dirixidas a persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria en substitución dos Traballos en Beneficio a Comunidade (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é o de posibilitar que os e as profesionais do Tráfico e da Seguridade poidan continuar traballando a concienciación coas persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria.

O Grupo de Tráfico e da Seguridade conta cunha rede de 20 psicólogos e psicólogas con capacitación técnica e experiencia prolongada ao longo destes últimos cinco anos, intervindo cun total de 600 persoas penadas por delitos relacionados co ámbito do tráfico.

8.6. PROGRAMA PSICOVIAL

No marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, e para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, en 2014 o COPG a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade un programa de intervención con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico cunha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con 9 meses de duración (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

Nese primeiro ano desenvolveuse un programa PSICOVIAL en Santiago, con formato grupo pequeno de oito persoas asistentes penadas por diversos delitos relacionados directa e indirectamente coa seguridade viaria.

Actualmente estase desenvolvendo un segundo programa PSICOVIAL en Ourense, igualmente con formato de grupo pequeno, neste caso con 10 persoas asistentes penadas tamén con casuística relacionada co tráfico e a seguridade viaria.

O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de Xornada de Concienciación para transformala en programa longo de intervención psicolóxica. Tratase dun nivel superior ao formato de Xornada de Concienciación en tanto que hai maior gradación nas penas así como reincidencia, dándose casos de ata 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG sigue sendo pioneiro no Estado con este tipo de programas fóra do contexto da organización de Institucións Penitenciarias como xa ocorrerá no seu momento co formato Xornadas de Concienciación.

8.7. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2013 un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuita.

8.8. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, manteñen desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais, e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

8.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunas das enfermidades más frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións más relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico a deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

8.10. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia tamén asinou convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela para a organización e desenvolvemento en 2014 dun curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaían a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido pola Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

8.11. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conjuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou coa Universidade de Vigo no mes de xullo un convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

8.12. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Meniños Fundación para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

8.13. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

SERVIZO DE INTERVENCIÓN 9. EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas, para responder as demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdicionais e das Administracións Públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito Penal
- Dereito Civil
- Dereito Laboral, Social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fixose un envío a todos os xulgados de Galicia dos listaxes de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2014, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

10.

SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Está pendente de resolución a inscrición do COPG como entidade de mediación ante o Ministerio de Xustiza.

11.

BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA

VIII EDICIÓN DA BECA SIOTA



Xuntanza de seguimento do proxecto premiado

Composición do Comité Seleccionador:

Mª Rosa Álvarez Prada
Decana do COPG

Concepción Fernández Fernández
Secretaria do COPG

Carlos Álvarez García
Rosa Cerqueiro Landín
Ana Jartín Abraira
José Manuel Oreiro Blanco
Gloria Seoane Pesqueira
Vogais

Co obxecto de realizar o seguimento do proxecto premiado coa Beca Siota, *Programa de adestramento en cognición e competencia social en doentes con dano cerebral traumático*, o 4 de decembro reuníuse o Comité con Yolanda Maroño Souto, autora do proxecto, na sede do COPG.

Por acordo da Xunta de Goberno do 19 de decembro de 2014 convocouse a IX Edición da Beca Siota, quedando establecido para o 2015 o fallo desta edición.

12. EVENTOS COLEXIAIS

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2014

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou o 29 de marzo a sexta edición do acto anual Achegas da Psicoloxía. No encontro, que este ano se desenvolveu en Santiago de Compostela, o COPG fixo entrega do seu máximo recoñecemento, o Premio *Dolores Llópiz - Psicoloxía e Sociedade 2014*, aos veciños e veciñas do barrio compostelán de Angrois.

Galardoúse o gran labor realizado por estes homes e mulleres durante a traxedia ferroviaria do pasado verán. No seu fallo, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía gaba «o seu exemplar comportamento, salvador e reconfortante para as persoas afectadas directas, pero tamén a importancia que tivo para toda a sociedade en xeral e para os profesionais da psicoloxía en particular».

Ademais do premio aos veciños e veciñas de Angrois, no acto Achegas da Psicoloxía 2014 deuse a benvida aos novos colexiados e colexiadas e recoñécese a aqueles que levan 25 anos formando parte da institución. Tamén se fixo entrega da distinción de Colexiado de Honra a José Manuel Pazos Riveiro, en recoñecemento da súa extraordinaria entrega persoal tanto ao Colexio como ao desenvolvemento da profesión da psicoloxía en Galicia.

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 
 |  |
| 1. Premiados
2. Premiados con intervenientes do GIPCE no accidente Alvia
3. Decana do COPG co colexiado de honra
4. Colexiados e colexiadas 25 aniversario
5. Discurso da decana do COPG
6. Asistentes a Achegas da Psicoloxía | 

 |

13.

REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS

Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

Consello Galego de Saúde

Titular: Xavier Sardiña Agra

Suplente: Delia Guitián Rodríguez

Consello Galego de Benestar Social

Titular: Isabel M^a Varela Castiñeiras

Suplente: M^a Leonor Galiana Caballero

Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual

Titular: Luisa M^a Blanco Caramés

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Titular: Encarnación Álvarez Gallego

Suplente: M^a Ángeles Castro Díaz

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Titular: Isolina Rodríguez López

Suplente: Julio González Morandeira

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Titular: José Antonio Fontelo López

Suplente: Isabel Blanco Yáñez

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Titular: Felisa Balboa Cardoso

Suplente: M^a Jesús Cejudo López

Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela

Titular: M^a José Fares Varela

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Titular: Ana M^a Fieira Nogareda

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Titular: Irene Esperón Rodríguez

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Concepción Rodríguez Pérez

Consello de Deporte de Galicia

Titular: María Dolores González Fernández

14. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A presidenta da Sección de Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, xunto coa secretaria da devandita Sección, M^a José Fares Varela, asistiron ao Foro *Traballamos polo noso Benestar*, organizado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, celebrado o 11 de xaneiro en Teo (A Coruña).
- A tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu o 13 de xaneiro e o 8 de maio ás sesións extraordinarias do Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia, mentres que o 7 de febreiro e o 21 de maio participou nas reunións do grupo de traballo do citado Consello sobre *Perspectivas de xénero nos servizos sociais*, e finalmente o 27 de xuño e o 17 de decembro asistiu ás sesións do Consello Galego de Benestar Social.
- M^a Jesús López Cernadas e Montserrat Pérez Suárez, presidenta e socia respectivamente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiron ás reunións do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, celebradas o 17 de xaneiro, o 7 de marzo, o 14 de xullo e o 5 de setembro.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto de presentación do libro *Sexualidad y salud. El estudio de la sexualidad humana desde una perspectiva de género*, escrito pola nosa colexiada María Lameiras Fernández, vicerreitora do Campus de Ourense da Universidade de Vigo. O acto tivo lugar o 20 de febreiro en Compostela.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de entrega de mencións honoríficas, agradecementos e acto de acollida a novos colexiados e colexiadas do COP Navarra, que tivo lugar en Pamplona o 7 de marzo.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á Xornada *Igualdade e violencia de xénero nas mulleres con discapacidade* organizada polo Consello Territorial da ONCE en Galicia, que tivo lugar o 17 de marzo na Coruña.
- A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez, e a Vicesecretaria da Xunta de Goberno, M^a Concepción Prado Álvarez, participaron no Foro da Intermediación e o Emprego que se celebrou no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela os días 24 de 25 de abril, organizado polo Concello de Santiago de Compostela.
- A secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández, asistiu ás reunións celebradas o 29 de abril, o 15 de maio e o 10 de xuño, do Movemento Galego de Saúde Mental, do cal o Colexio forma parte.



Foro da Intermediación e o Emprego

- Carlos Montes Piñeiro, coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, asistiu o 9 de maio a unha xuntanza coa directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja García, no Centro ISSGA de Lugo. Dentro dos diferentes temas abordados, cómpre destacar que o ISSGA solicita a repetición da xornada técnica sobre acoso escolar organizada conxuntamente no pasado mes de marzo na Coruña e a edición dun documento informativo sobre os risco psicosociais no traballo.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada e Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno do COPG, asistiron o 9 de maio a un acto que tivo lugar no Hotel San Francisco en Santiago de Compostela, co Presidente do Consello de Estado, organizado por Unión Profesional de Galicia.
- Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG participou na comparecencia perante a Comisión non permanente de estudo sobre a Seguridade Víaria en Galicia o 12 de maio no Parlamento de Galicia.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, interveu como relatora nunha das mesas redondas da *III Xornada valenciana de psicoloxía do tráfico e a seguridade: Promovendo o futuro da seguridade*, organizada polo Col·legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana, o 17 de maio.
- Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica á Mulleres que sufren Violencia de Xénero, e Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa Abramos o Círculo, asistiron o 8 de xullo a unha xuntanza co coordinador da Unidade de Prevención, Asistencia e Protección en Violencia de Xénero (UPAP) de Lugo.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 5 de setembro en Santiago de Compostela.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 23 de outubro no acto inaugural do VIII Congreso (Inter)nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense, celebrado do 23 ao 25 de outubro en Santiago de Compostela e organizado pola Sociedade Española de Psicoloxía Xurídica e Forense.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de entrega do Premio María Josefa Wonenburger Planells, organizado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e celebrado en Santiago de Compostela o 3 de novembro.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á conferencia-coloquio *A mediación no sistema xudicial: Aspectos ideolóxicos e organizativos*, celebrado en Santiago de Compostela o 5 de novembro e organizado pola Unión Profesional de Galicia.

- O 21 de novembro a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu en Santiago de Compostela á Xornada *A incidencia nos menores da violencia no contorno familiar*, organizada polo Valedor do Pobo, o Parlamento de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
- Luisa M^a Blanco Caramés, membro da Sección de Psicoloxía e Saúde, asistiu o 26 de novembro en representación do COPG á xuntanza de constitución da Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte ao VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual (ITS), da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- A secretaria do COPG, Concha Fernández Fernández, participou no II Congreso Internacional de Intervención e Prevención da Violencia de Xénero, organizado polo Concello de Santiago de Compostela, que se desenvolveu do 27 ao 29 de novembro en Santiago de Compostela.
- A decana do COPG, María Rosa Álvarez Prada, compareceu o 22 de decembro perante a Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento de Galicia, á que foi convidada para valorar a lexislación en materia de violencia de xénero e o seu desenvolvemento posterior.

15.

RELACIONES E COLABORACIONES INSTITUCIONALES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, reuníronse o 3 de abril co Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela. Nesta reunión trataron como tema principal a seguridade viaria, ademais das diferentes colaboracións que manteñen ámbalas dúas institucións, como é a mediación intraxudicial, catástrofes e emerxencias ou violencia de xénero.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE

- 
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a coordinadora do Programa de Atención a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, Fátima López Rodríguez, mantiveron unha reunión coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, e a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, Belén Liste Lázara. Nesta reunión, que tivo lugar o 20 de febreiro, trattaron sobre o convenio para 2014 que regula a colaboración que desde hai máis de 10 anos se vén desenvolvendo entre ambas institucións en materia de violencia de xénero.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, a coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), Fátima López Rodríguez, mantiveron unha reunión o 9 de xuño coa secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, a subdirectora xeral para o Tratamento de Violencia de Xénero, M^a Belén Liste Lázara, e o presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, Iker Sertucha Lista, para tratar temas relacionados coa atención a mulleres xordas, vítimas de violencia de xénero, dentro do PAPMVX.

Xuntanza coa Secretaria Xeral da Igualdade

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse o 24 de febreiro reunión co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Gil de Bernabé, e o xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Neste encontro abordáronse as liñas do convenio de colaboración para 2014 entre ambas institucións en materia de protección civil.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, Xavier Sardiña Agra, reuníronse o 12 de marzo co secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Antonio Fernández-Campa García-Bernardo. Nesta reunión trataron da situación actual dos centros sanitarios en Galicia no caso dos titulados e tituladas en Psicoloxía.
- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, Xavier Sardiña Agra, reuníronse o 5 de xuño co secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, para tratar sobre o rexistro de centros sanitarios no caso dos titulados/tituladas en Psicoloxía, unha vez entrada en vigor a Lei 3/2014, de 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa de Consumidores e Usuarios na que se inclúe unha disposición que recoñece os dereitos adquiridos polas psicólogas e psicólogos que na actualidade desenvolven o seu labor no ámbito sanitario e se atopan acollidos á regulación transitoria disposta na Lei de Economía Social.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR – DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión o 7 de maio coa directora xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M^a Amparo González Méndez, para tratar sobre os convenios de mediación intraxudicial que se están levando a cabo en Santiago de Compostela e Ourense.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada do tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, mantivo os días 26 de novembro e 17 de decembro senllas reunións coa directora xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M^a Amparo González Méndez, para tratar sobre a renovación para 2015 dos convenios de mediación intraxudicial.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR – SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudió acompañada de José Carlos Cardama Barrientos, membro do Grupo de Traballo de Atención Temperá do COPG, a unha xuntanza coa secretaria xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, que se desenvolveu o 18 de decembro e na que trataron da situación da atención temperá en Galicia.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – CONSELLO SOCIAL

- A decana do COPG asiste ao Consello Social da USC en representación de Unión Profesional de Galicia, entidade da que o COPG forma parte. En 2014 asistiu ás reunións do Pleno do Consello Social o 19 de febreiro, o 1 de abril, o 22 de maio, o 22 de setembro e o 3 de novembro.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, como membro do Consello Social da USC, acudió á toma de posesión do novo Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, D. Juan Manuel Viaño Rey e do seu equipo, celebrado o 9 de xuño no Salón Nobre do Colexio de Fonseca en Santiago.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – FACULTADE DE PSICOLOXÍA



Acto de conmemoración do Patrón da Facultade de Psicoloxía

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou nos actos de conmemoración da festividade do patrón da psicoloxía celebrados o 21 de febreiro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A decana fixo fincapé en que a psicoloxía nestes tempos é más necesaria ca nunca e tamén destacou a importancia de todos os ámbitos de intervención: educativo, social e sanitario.
- Manuela del Palacio García e Ana María Ulloa Lage, presidenta e vicepresidenta respectivamente da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, mantiveron unha reunión o 20 de maio coa decana da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Carolina Tinajero Vacas, co obxectivo de demandar o Máster en Psicoloxía Educativa.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural do Máster en Avaliación e Intervención Psicopedagógicas nos trastornos do Desenvolvemento e Atención Temperá, celebrado o 5 de decembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – FACULTADE DE DEREITO

- Concepción Fernández Fernández, secretaria do COPG, participou no acto inaugural da V Edición do Máster en Mediación, celebrado o 7 de novembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu acompañada da Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, M^a Dolores Seijo Martínez, ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais 2014, editada pola Unión Profesional de Galicia na que o COPG está integrado, que se celebrou en Santiago de Compostela o 5 de febreiro.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ás seguintes reunións de Unión Profesional de Galicia:
 - Comisión Permanente: o 3 de abril e o 3 de outubro.
 - Pleno: 28 de maio, 3 de outubro e 24 de novembro.
 - Asemblea Xeral: 28 de maio e 3 de outubro.

CRUZ VERMELLA – A CORUÑA

- O 13 de maio a decana, M^a Rosa Álvarez Prada e o tesoureiro, Miguel Ángel Chouza Ponte, mantiveron unha reunión con Pedro Giménez Domínguez, responsable do Departamento de Formación de Cruz Vermello na provincia da Coruña, o cal expuxo as actividades que levan a cabo na área de formación, especialmente no ámbito socio sanitario e socioeducativo.

ADHESIÓN AO MOVEMENTO GALEGO DE SAÚDE MENTAL

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou a adheriuse á declaración *Pola protección da saúde mental e contra o deterioro da súa asistencia pública* promovida polo Movemento Galego de Saúde Mental, formado por máis de trescentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns e cidadás que comparten a súa Declaración, organizacións sindicais (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CC. OO.), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, organizacións de familiares e persoas usuarias dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores), Xuíces pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de Profesionais de Drogodependencias e Outras Condutas Aditivas, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería en Saúde Mental, Mesa Galega da Psicoloxía Clínica, Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes, Asociación de Psicólogos Clínicos do SER-GAS, Equipo Boa Vida.

Este movemento pretende informar á cidadanía e tomar medidas para comenzar a frear o deterioro en curso.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á Asemblea da Saúde Mental de Galicia, na que se presentou a Declaración, coa que se pretende resaltar a grave situación que está a sufrir esta área e que está a repercutir directamente na cidadanía e na súa saúde.

RECURSO DE REPOSICIÓN DO COPG CONTRA AS BASES DA PRAZA DE DIRECTORA DO CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO DA XUNTA DE GALICIA

O recurso que presentou o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia contra as bases para a convocatoria da praza de Directora do Centro de Recuperación Integral de Mulleres que Sofren Violencia de Xénero foi admitido pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia, tal e como recolle o DOG publicado o 11 de febreiro.

Nas bases reguladoras do 21 de xaneiro de 2014, polas que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia convocaban a selección para o devandito posto, non se contemplaba a titulación de Psicoloxía como unha das requiridas para optar a el. Por este motivo, o COPG presentou un recurso de reposición no que se solicitaba a inclusión do título de Psicoloxía como válido para a admisión ao proceso selectivo.

De acordo coa resolución ditada pola Vicepresidencia, e como consecuencia da admisión do recurso presentado polo COPG, abriuse un novo prazo de presentación de solicitudes para as persoas tituladas en Psicoloxía.

RECOÑECIMENTOS RECIBIDOS

O Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias do COPG recibe a Medalla de Ouro de Galicia

Os psicólogos e psicólogas do Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

foron recoñecidos coa Medalla de Ouro de Galicia que concede a Xunta de Galicia, pola súa intervención no accidente do tren Alvia o 24 de xullo de 2013. Compartiu esta distinción coas vítimas e persoas afectadas, coa veciñanza de Angrois, así como demais equipos de profesionais e voluntarios que actuaron na emergencia. Ao acto de entrega asistiron a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz e varios membros do Grupo.



Entrega da Medalla de Ouro de Galicia

16.

O COPG E O CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE PSICÓLOGOS

REUNIÓNS DA JUNTA GENERAL DO CONSEJO GENERAL DE COP

- Data: 28 de xuño e 13 de decembro.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, decana.

REUNIÓNS DA JUNTA DE GOBIERNO DO CONSEJO GENERAL DE COP

- Datas: 15 de febreiro, 28 de xuño, 15 de outubro,
12 e 13 de outubro.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, decana.

IX CONGRESO IBEROAMERICANO DE PSICOLOXÍA

- Datas: 9-13 de setembro.
Lugar: Lisboa.
- Entre o 9 e o 13 de setembro celebrouse en Lisboa o IX Congreso Iberoamericano de Psicoloxía, ao que acudiron máis de 2.000 profesionais de diferentes países, e que contou con representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, formou parte dos Comités Organizador e Científico do Congreso, e ademais actuou como coordinadora de dous simposios presentados polo COPG.
- No primeiro simposio, *A crise da psicoloxía educativa e a psicoloxía educativa en tempos de crise en Galicia*, participaron como relatores a presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, xunto coa vogal da Xunta de Goberno do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, e o vicedecano do Colexio, Hipólito Puente Carracedo.
- O segundo simposio, co título *Perspectiva de xénero nun Colexio Profesional de Psicoloxía*, foi presentado por M^a Concepción Rodríguez Pérez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concepción Fernández Fernández, secretaria do Colexio, e Víctor Manuel Torrado Oubiña, vogal da Xunta de Goberno do COPG.



Membros da Xunta de Goberno do COPG no IX Congreso Iberoamericano de Psicoloxía

- Ademais destes dous simposios, Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes (GIPCE) e vogal da Xunta de Goberno do COPG, presentou a comunicación *Intervención Psicolóxica e Coordinación no accidente de Tren Alvia en Santiago de Compostela*.
- Tamén se expuxeron en formato póster as experiencias do Servizo de Mediación Intraxudicial nos xulgados de Santiago de Compostela e Ourense.

REUNIÓNS DA ÁREA DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

- Datas: 22 de marzo e 8 de novembro.
Representante: **Xavier Sardiña Agra**, presidente da Sección de Psicoloxía Clínica.
- **Alicia Carballal Fernández e Mª José Carreira Vidal**, membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, asistiron en representación da mesma o día 7 de novembro ao acto de presentación do documento de conclusións da Xornada sobre Psicoloxía Clínica en Atención Primaria de 2013, organizada polo Consejo General de la Psicología celebrada en Madrid.

REUNIÓNS DA ÁREA DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

- Datas: 18 de xaneiro e 9 de maio.
Representante: **Manuela del Palacio García**, presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.
- **Manuela del Palacio García e Ana María Ulloa Lage**, presidenta e vicepresidencia respectivamente da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, participaron os días 9 e 10 de maio en Valencia na xornada técnica *O psicólogo educativo no sistema educativo actual*, organizada pola Área de Psicoloxía da Educación do Consejo General de la Psicología.



Asistentes á reunión da Área de Psicoloxía Educativa

REUNIÓNS DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓN S E OS RECURSOS HUMANOS (PTORH)

- Datas: 7 e 8 de febreiro.
Representante: José Luis Domínguez Rey, coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.

REUNIÓN DA DIVISIÓN DE PSICOLOXÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE (PACFD)

- Data: 16 de maio.
Representante: María Dolores González Fernández.

REUNIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

- Data: 25 de outubro.
Representante: M^a Dolores Seijo Martínez, presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica.

REUNIÓN DA ÁREA DE INTERVENCIÓN SOCIAL

- Datas: 7 de xuño, 8 de novembro.
Representante: M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.
- Convidada (8 de novembro): M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu ás *II Xornadas Nacionais de Psicoloxía e Envellecemento* e á posterior reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do envellecemento do Consejo General de la Psicología. As devanditas actividades desenvolvérónse en Barcelona do 27 ao 29 de novembro.

REUNIÓN DA ÁREA DE PSICOLOXÍA DO TRÁFICO E SEGURIDADE

- Data: 24 de maio e 18 de outubro.
Representante: Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.

REUNIÓNS DO GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS E CATÁSTROFES

- Datas: 17 de maio e 17 de outubro.
Representante: Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do GIPCE.

REUNIÓNS DO GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA E IGUALDADE DE XÉNERO

- Data: 5 de abril.
Representante: Concepción Rodríguez Pérez, coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero.
- Convidada: M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.
- Data: 28 de novembro.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.
- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ás *II Xornadas Nacionais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero*, organizadas polo Consejo General de COP e celebradas en Logroño (A Rioxa) os días 28 e 29 de novembro.

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA DO ENVELLECIMENTO

- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu ás *II Xornadas Nacionais de Psicoloxía e Envellecemento* e á posterior reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Consejo General de la Psicología. As devanditas actividades desenvolvérónse en Barcelona do 27 ao 29 de novembro.

REUNIÓNS DO GRUPO DE TRABALLO DE PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E CONTRA O INTRUSISMO

- Data: 6 e 7 de xuño.
Representante: M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.

REVISTA INFOCOP

- O vogal da Xunta de Goberno do COPG, José Luis Domínguez Rey, é o correspondente en Galicia.

17. PUBLICACIÓNS



CIRCULAR INFORMATIVA

Publicáronse 6 números (do nº 246 ao nº 251)

A *Circular Informativa* do COPG, de edición bimestral, inclúe regularmente os seguintes apartados:

- Editorial
- Información xeral
- Información das Seccións, das Comisións e Grupos de Traballo
- Información sobre cursos, xornadas e congresos
- Artigos do Código Deontolóxico
- Avisos
- Bolsas, premios e axudas
- Publicacións recibidas
- Atención aos colexiados e colexiadas e servizos colexiais.



MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2013

Aprobada na Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG de 27 de marzo de 2014.

CADERNOS DE PSICOLOXÍA



Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía

Consello de Redacción

José Manuel Oreiro Blanco

Director

Carlos Montes Piñeiro

Subdirector / Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Felisa Balboa Cardoso

Rocío García Calvo

Mª Elena Rodríguez Borrajo

